



CERTIFICADO DE INTERRUPCIÓN DO SERVIZO

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, como entidade pública instrumental do sector público autonómico con competencias en materia de administración electrónica e responsable da xestión tecnolóxica e da continuidade, accesibilidade e seguridade da sede electrónica da Xunta de Galicia,

CERTIFICA:

- Que o 28/04/2025 a partires das 12:30 h debido ao corte do subministro eléctrico xeneralizado non foi posible o acceso ordinario da cidadanía á sede electrónica da Xunta de Galicia, o que impediu a presentación electrónica de solicitudes, recursos administrativos, escritos, comunicacións e documentos no rexistro electrónico xeral.

Este certificado emítese ao abeiro do disposto no artigo 3.2 do Decreto 25/2020, do 13 de febreiro, polo que se regula a ampliación dos prazos de presentación de solicitudes, recursos administrativos, escritos, comunicacións e documentos no caso de determinadas incidencias técnicas que imposibiliten o funcionamento ordinario da sede electrónica da Xunta de Galicia.

De conformidade co punto 1 do mesmo artigo, a incidencia citada implica unha ampliación automática de vinte catro horas hábiles dos prazos para a presentación de solicitudes, recursos administrativos, escritos, comunicacións e documentos cuxo vencemento debese producirse no día en que se tivo lugar a incidencia. A citada ampliación cóntase partir da finalización do prazo de que se trate, e non será aplicable aos procedementos administrativos especiais cuxa normativa específica resulte incompatible coas previsións contidas no decreto citado.

Para os efectos do indicado no parágrafo anterior, e sen prexuízo da existencia doutros posibles casos, faise constar que segundo figura na Guía de Procedementos e Servizos, regulada no artigo 5 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, e publicada na sede electrónica, o 28/04/2025 era o día de vencemento do prazo de presentación dos seguintes procedementos e servizos:

Código	Procedemento ou servizo
CT221D	Subvencións para o libro galego, dirixidas á tradución para outras linguas de obras publicadas orixinariamente en galego.
CT221C	Subvencións para o libro galego, dirixidas á tradución para o galego de obras publicadas orixinariamente noutras linguas.
ED507A	Axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de nais e pais do alumnado e das asociacións de nais e pais do alumnado de centros de educación especial.
ED333B	Programa retorna talento FP.
MR605C	Axudas para Silvicultura produtiva de coníferas e para actuacións silvícolas con obxectivos ambientais e non produtivos en frondosas e na rehabilitación de soutos de castiñeiros.
PR809A	Bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento.
TR807L	Axudas destinadas ao financiamento de plans de formación compostos por actividades formativas dirixidas á capacitación para o desenvolvemento das funcións relacionadas coa negociación colectiva (Liña 2).
TR807K	Axudas destinadas ao financiamento de plans de formación compostos por actividades formativas dirixidas á capacitación para o desenvolvemento das funcións relacionadas co





AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

	diálogo social no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e a negociación colectiva (Liña 1).
VI435B	Subvencións do programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas.

